



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

## **Tempo de compromiso con Galiza**

Fai que a folga sexa un éxito para forzar ao  
Goberno do PSOE a botar atrás o brutal recorte  
das pensións, unha medida que penaliza a Galiza  
e só beneficia a banca

# **MÓVETE e gañará a xente**



# Móvete, e gañará a xente

## 1. A contrarreforma das pensións é o maior ataque ao Estado do Benestar da historia da Democracia. Se te resignas gañan eles, temos que defender os nosos dereitos!

O Goberno do PSOE no Estado, tamén o Goberno do PP na Xunta de Galiza, teñen decidido que a factura da crise a pague a inmensa maioría social e non os seus responsábeis -basicamente a grande banca.

A contrarreforma das pensións decretada polo Goberno do PSOE no Estado e pactada co PP, de acordo cos intereses da grande banca, representa unha brutal agresión aos dereitos sociais. A elevación do período de cómputo para calcular a pensión e a prolongación até os 67 anos da idade legal para a xubilación vai supor na práctica que teremos que **traballar máis anos para recibir unha pensión menor**.

Non estamos ante unha medida illada, senón ante o maior paquete de medidas antisociais adoptadas nunca por ningún goberno: a supresión da axuda dos 426 euros para paradas e parados de longa duración, a elevación do salario mínimo interprofesional por debaixo do incremento do custo da vida, a brutal suba do recibo da luz e do gas...

Estamos ante **medidas que prexudican a inmensa maioría e só benefician a unha moi exigua minoría**.

Estamos ante un Goberno do Estado que quer entregar ao capital privado o patrimonio público que tantos anos de esforzo colectivo levou acumular: un Goberno que vai privatizar as caixas de aforro, os aeroportos e que, para rematar, ten en mente a privatización futura do sistema público de pensións.

## 2. Todos os argumentos que utiliza o Goberno do PSOE para xustificar a contrarreforma das pensións son falsos.

Non é certo que o **sistema público de pensións** estea en perigo. Ao contrario, mesmo cun paro do 20 por cento da poboación activa, o sistema **ten un superávit de máis de 60.000 millóns de euros, o 6 por cento do PIB español**.

Tampouco é riguroso soste que a evolución demográfica ou o incremento na esperanza de vida podan pór en risco o sistema. En realidade, **a saúde das pensións públicas non depende do número de xubiladas e xubilados, senón do número de traballadoras e traballadores que coticen e da calidade dos salarios** (canto máis altos sexan, máis porcentaxe se poderá dedicar á cotización para as pensións).

A forma máis intelixente de reforzar o sistema público non é a de actuar polo lado do gasto (reducindo a cuantía das pensións), senón a de actuar polo lado do ingreso (facendo políticas que críen máis postos de traballo e que melloren os salarios para incrementar as cotizacións).

### 3. O pensionazo castigará especialmente a Galiza.

Máis unha vez, Galiza será a principal pagana da ofensiva antisocial do Goberno do PSOE e iso porque as galegas e os galegos temos as pensións máis baixas do Estado.

En Galiza a pensión media apenas chega aos 730 euros. **De se aplicar o aumento en 5 anos do período de cómputo da pensión, a pensión media galega veríase reducida en 36,5 euros ao mes, ou sexa, en 511 euros anuais.**

**Isto é sinxelamente un roubo de dereitos adquiridos!** E vai colocar nunha situación delicadísima a miles de pensionistas no noso País.

O pensionazo non só vai contra as persoas maiores: tamén castigará e duramente as e aos mozos galegos. Ao incrementarse a idade de xubilación loxicamente vaise bloquear aínda máis o acceso da mocidade ao mercado laboral. E cabe lembrar que **a taxa de paro xuvenil chega xa en Galiza a un escandaloso 34,6 por cento.**

Que pensións futuras terán os mozos galegos se cada día se incorporan máis tarde ao mercado laboral?

### 4. Un negocio fabuloso para a banca.

O pensionazo ten un único obxectivo: servir un negocio fabuloso á banca en bandexa de prata.

Os fondos privados de pensións representan no Estado apenas o 8,1 por cento do PIB, fronte ao 67,1 por cento do promedio dos países da OCDE. Dito doutro xeito, se no Estado tivéssemos o mesmo gasto en pensións privadas que na media da OCDE os fondos privados captarían **recursos por valor de máis de medio billón de euros! Ese é o xigantesco botín ao que a banca aspira!**

A banca quer perpetrar o maior pelotazo da historia e o Goberno do PSOE, que traballa tamén para entregarlle as caixas de aforro, está aí para cumprir as súas ordes.

E o pior de todo é que **os sistemas privados son moito menos seguros para os pensionistas que os públicos. Os públicos teñen o aval do Estado. Os privados son fondos especulativos** sen ningunha garantía de éxito (en 2010 o capital depositado nos fondos privados rexistrou perdas no entorno do 20 por cento).

### 5. Se a folga é un éxito masivo, o Goberno do PSOE terá que rectificar. Depende de ti. Depende de todas e de todos nós. Ou gañas ti ou gaña a banca.

O Goberno do Estado e os seus altofalantes mediáticos intentarán convencerte de que estas son medidas valentes e de que non hai outra que aceptalas.

Valentes? Valentes non é ser débil cos fortes e forte cos débiles. A valentía sería acabar coa fraude fiscal e regular o sistema financeiro. A valentía sería que o gran capital pagase os custos da crise que el mesmo criou coa súa voracidade especulativa.

O Goberno do Estado e os seus altofalantes mediáticos intentarán convencerte de que non te unas á folga, de que non hai alternativa.

Pero **si que hai alternativa.** A de non deixarse enganar. **Depende de ti.** De que defendas os teus dereitos.

Se a folga é un éxito masivo, se paramos o País, o Goberno terá que rectificar.

**Se a folga é un éxito masivo, gañará a xente traballadora e perderá a banca.**

**ESTÁ EN XOGO O BENESTAR SOCIAL, UNHAS PENSIONES E UNHA XUBILACIÓN DIGNA. MÓVETE E DEFENDE OS TEUS DEREITOS.**



Acude ás  
**MANIFESTACIÓNS**  
convocadas polo  
sindicalismo nacionalista

Están en xogo o benestar social e o  
dereito a termos unhas pensións dignas

**bng** ★

**bloque** nacionalista galego

**Hai alternativa !**